

### 1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

### 2. FINALIDADE / OBXECTIVO

**Promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia** como traballadores/as autónomos ou por conta propia, así como **apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais fomentando a creación de emprego mediante a contratación indefinida da súa primeira persoa traballadora desempregada.**

### 3. TIPOS DE APOIO

- Subvención polo establecemento como traballador/a autónomo/a.
- Subvención financeira
- Subvención para asistencia técnica
- Subvención para formación
- Axuda excepcional
- Subvención pola primeira contratación indefinida

### 4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

1. As persoas físicas **desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego**, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa **constitución en traballadores/as autónomos/as** ou por conta propia, que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Sexan titulares ou cotitulares do negocio ou explotación
- Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou en mutualidade de colexio profesional
- Non percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo nos **4 anos anteriores á data do inicio da nova actividade.**
- Non desenvolvesen como autónomos a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos **6 meses anteriores**, nin estivesen de alta como autónomos nos **3 meses anteriores** (sempre que esta alta presupoña exercicio de actividade). Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos do CNAE.

2. Poderán ser **beneficiarios da subvención pola primeira contratación indefinida os traballadores/as autónomos/as ou profesionais que realicen esta contratación durante o primeiro ano de actividade**, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os traballadores/as autónomos ou por conta propia poderán ser beneficiarios destas axudas, **agás a subvención pola primeira contratación indefinida cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís sempre que as soliciten a título persoal.**

No suposto de subvencións **solicitadas por persoas traballadoras con discapacidade**, ademais de cumprir os requisitos anteriores, deberán ter **recoñecido pola administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.**

Quedan **excluídos os socios de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os**

autónomos colaboradores. así mesmo tampouco poden as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no art. 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

#### 5. SECTORES INCENTIVABLES

**Persoas físicas desempregadas que procedan á creación do seu propio posto de traballo.**

#### 6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

**-SUBVENCIONANSE AS ALTAS NA SEGURIDADE SOCIAL OU EN MUTUALIDADE DE COLEXIO PROFESIONAL QUE, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, SE FORMALICEN DESDE O 1 DE OUTUBRO DE 2011 ATA O 30 DE SETEMBRO DE 2012, AMBOS INCLUSIVE.**

-SERÁ OBRIGA DO BENEFICIARIO **REALIZAR A ACTIVIDADE DURANTE UN TEMPO MÍNIMO DE 3 ANOS**, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar fidedignamente, debendo comunicar tal circunstancia nos dous meses seguintes á baixa. As persoas físicas beneficiarias de calquera axuda deberán manter durante **2 anos como mínimo** a forma xurídica elixida pola que se lles concedeu a axuda e subvención.

-NO SUPOSTO DA SUBVENCIÓN FINANCIERA: o beneficiario no prazo de 30 días dende que coñeza o pagamento efectivo da mesma ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada. No caso de cancelación do préstamo ou amortización parcial con anterioridade aos dous anos, considerarase incumprimento total e procederá o reintegro da totalidade da subvención.

-As persoas beneficiarias da subvención pola contratación indefinida da primeira persoa traballadora **DEBERÁN MANTER NO SEU CADRO DE PERSOAL FIXO A PERSOA TRABALLADORA CONTRATADA POR UN PERÍODO MÍNIMO DE DOUS ANOS**. No suposto da extinción da relación laboral, a cobertura do posto por unha nova persoa traballadora (que deberá reunir os mesmos requisitos que a substituída), terá que realizarse nos **2 meses seguintes ao da baixa**, feito que deberá ser comunicado pola persoa beneficiaria ao órgano concedente da subvención dentro dos 20 días seguintes á substitución. Procederá o reintegro parcial pola diferenza cando a traballadora substituta sexa dun colectivo diferente á substituída e lle correspondese unha subvención inferior.-Tamén estará obrigado as restantes obrigas estipuladas na orde de convocatoria.

#### 7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

#### 8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

**A) SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR/A AUTÓNOMA OU POR CONTA PROPIA:** poderá concederse ás persoas desempregadas co **obxecto** de falicitarlles uns ingresos durante o inicio e posta en marcha da actividade, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade non inferior a 3.000 € (sen incluír o iva ou impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación) **e se realice entre os 3 meses anteriores ao inicio de actividade e os 6 meses posteriores ao dito inicio.**

*\*No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 euros realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da*

*subvención, terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade ou sociedade civil.*

**B) SUBVENCIÓN FINANCIERA:** Redución dos xuros dos préstamos necesarios para constituirse en traballador autónomo ou por conta propia, adicándose mínimo un **75% do préstamo, a financiar inmovilizado material ou intanxible**. Os préstamos deben ser concedidos polas entidades que teñan subscrito convenio coa consellería de traballo e benestar e deberán formalizarse entre os tres meses anteriores ao inicio da actividade e o 30 de setembro de 2012. En todo caso, **hai que acreditar un investimento en inmovilizado material ou intanxible por unha contía non inferior a 3000 €** (sen incluír o iva ou impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación) e **realizar tal investimento entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 seguintes**. **NON** se admitirá a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 € realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade ou sociedade.

**C) SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA:** ten por obxecto o financiamento parcial da contratación dos servizos externos necesarios para mellorar o desenvolvemento da actividade empresarial, así como a realización de estudos de viabilidade, organización, comercialización, diagnose ou outros de natureza análoga. deberá acreditarse a necesidade desta asistencia, así *non se considerarán necesarios os servizos externos que consistan en asesoramento, tramitación de axudas...* Estes servizos deberán ser prestados por: \*Asociacións de traballadores/as autónomas intersectoriais e con suficiente implantación en Galicia ou ben por outras persoas xurídicas ou físicas especializadas que reúnan garantías de solvencia profesional. Subvenciónanse os servizos de asistencia técnica que recibise a persoa beneficiaria nos 3 meses anteriores-pero non antes do 1 de outubro de 2011- e nos 6 seguintes ao inicio da actividade e sempre que sexan efectivamente xustificadas, **mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento**, con anterioridade á finalización do período de xustificación.

**D) SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN:** financiamento parcial de cursos relacionados coa dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías da información e comunicación, co fin de cubrir as necesidades do traballador autónomo durante a posta en marcha da empresa. a dita formación deberá ser prestada por: \*Asociacións de traballadores/as autónomas intersectoriais e con suficiente implantación en Galicia ou outras persoas xurídicas ou físicas especializadas que reúnan garantías de solvencia profesional. Subvenciónanse as accións de formación que recibise o beneficiaria e se desenvolvan integramente nos 3 meses anteriores-pero non antes do 1 de outubro de 2011- e nos 6 seguintes ao inicio da actividade e sempre que sexan efectivamente xustificadas, **mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento**, con anterioridade á finalización do período de xustificación.

**E) AXUDA EXCEPCIONAL:** financiación dos primeiros gastos da actividade para **persoas que pertencen a algún dos colectivos establecidos no apartado 2 do artigo 8 da orde**.

Os gastos subvencionables son: **compra de mercadorías; materias primas e outros aprovisionamentos; gastos de constitución, publicidade, arrendamento de local, de maquinaria, equipamentos informáticos e seguros de local, excluído o iva, realizados nos 3 meses anteriores-pero non antes do 1 de outubro de 2011- e nos 6 seguintes ao inicio da actividade** e sempre que sexan efectivamente xustificadas, **mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento** con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Non serán subvencionables os gastos referidos aos domicilios particulares da persoa solicitante ou dalgunha das persoas comuneiras ou socias da comunidade de bens ou sociedade civil e os gastos

correspondentes a compravendas entre persoas comuneiras ou socias.

**F) SUBVENCIÓN POLA PRIMEIRA CONTRATACIÓN INDEFINIDA:** concédese aos traballadores/as autónomos/as pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido, sempre que realicen esta contratación **durante o primeiro ano de actividade**, dende a data de inicio que conste na declaración de alta no censo de obrigados tributarios, para prestar servizos en centros situados na comunidade autónoma de Galicia.

Poderá ser obxecto desta subvención a contratación indefinida inicial que se realice cunha **persoa traballadora deeseempregada**, inscrita como demandante de emprego no **Servizo Público de Emprego** no momento da súa contratación, ou transformación dun contrato temporal en indefinido. A contratación ou transformación deberá ter data de inicio comprendida **entre o 1 de outubro de 2011 e o 30 de setembro de 2012, ambas datas incluídas.**

*Sempre que reuna os requisitos, esta subvención tamén poderá ser de aplicación cando se contrate como traballador/a por conta allea a un familiar.*

A contratación indefinida poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo. O contrato indefinido ou a transformación do contrato temporal en indefinido deberá formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego .

**EXCLÚENSE DESTA SUBVENCIÓN:** As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, así como traballadores/as que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de **3 meses** previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención.

## 9. CONTÍA DAS AXUDAS

### **A) SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR AUTÓNOMO:**

- a. **Desempregados en xeral: 5.000 €**
- b. **Mozos desempregados de 30 ou menos anos: 6.000 €**
- c. **Mulleres desempregadas: 7.000 €**
- d. **Emigrantes retornados e traballadores procedentes de empresas en crise, desempregados de longa duración e desempregados que esgotasen a prestación por desemprego: 7.500 €**
- e. **Desempregados con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco de exclusión social: 8.000 €. No caso de mulleres, 10.000 €.**

### **B) SUBVENCIÓN FINANCIERA:** Esta subvención terá como límite máximo as seguintes contías:

- a. **Desempregados en xeral: 5.000 €**
- b. **Mozos desempregados de 30 ou menos anos: 6.000 €**
- c. **Mulleres desempregadas: 7.000 €**
- d. **Emigrantes retornados e traballadores procedentes de empresas en crise e desempregados de longa duración, persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego: 7.500 €**
- e. **Desempregados con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco de exclusión social: 8.000 €. No caso de mulleres, 10.000 €.**

**C) SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA:** A CONTÍA SERÁ DO 75% DO CUSTO DOS SERVIZOS PRESTADOS, ATA UN MÁXIMO DE 1.000 €.

**D) SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN:** SERÁ DO 75% DOS CUSTOS DOS CURSOS RECIBIDOS, ATA UN MÁXIMO DE 3.000 €.

**E) AXUDA EXCEPCIONAL:**

**1.SUBVENCIÓN DE ATA 2.000 € PARA OS SEGUINTE COLECTIVOS:** a) Mozos desempregados menores de 30 anos; b) Mulleres desempregadas; c) Persoas desempregadas de 45 ou máis anos de idade; d) Persoas traballadoras demandantes do primeiro emprego; e) Persoas desempregadas que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación directamente relacionada coa actividade empresarial; No caso de que algún destes colectivos teñan, ademais, o domicilio fiscal da súa actividade nun concello rural terán un incremento na contía máxima desta subvención de ata **1.000 euros**.

**2.SUBVENCIÓN DE ATA 3.600 € PARA:** a) *Personas desempregadas de longa duración e/ou persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego;* b) *Persoas desempregadas pertencentes a algún colectivo en risco de exclusión social;* c) *Persoas con discapacidade.*

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante.

**F) SUBVENCIÓN POLA PRIMEIRA CONTRATACIÓN INDEFINIDA:**

- **Pola contratación indefinida dunha persoa desempregada en xeral: 4.000 euros**
- **Pola contratación indefinida dun mozo desempregado de 30 ou menos anos: 5.000 euros.**
- **Pola contratación indefinida dunha muller desempregada: 5.000 euros.**
- **Pola contratación indefinida dunha moza desempregada de 30 ou menos anos: 5.600 euros.**
- **Pola contratación dunha persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego, unha persoa desempregada de longa duración, unha persoa desempregada emigrante retornada, unha persoa desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social: 6.000 euros.**
- **Pola transformación dun contrato temporal en indefinido: 2.000 euros. Esta contía será de 2.500 euros se o traballador é un mozo de 30 ou menos anos e de 3.000 euros, se é unha muller.**

En ningún caso a contía desta subvención poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais de dúas anualidades da persoa traballadora contratada.

## 10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**PRAZO XERAL DE PRESENTACIÓN REMATA O 30 DE SETEMBRO DO 2012**, aínda que non transcorresen os prazos específicos de cada programa de axudas. **PRAZOS ESPECÍFICOS:**

*\*Subvención polo establecemento como traballador autónomo//subvención financeira// subvención.*

para asistencia técnica// subvención para a formación// axuda excepcional: 1 MES desde a data de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

\*Subvención pola contratación indefinida: 1 MES desde a data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido

Nestes prazos específicos para a presentación de solicitudes, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, salvo cando se trate da subvención pola contratación da primeira persoa traballadora, pois neste caso, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta na Seguridade Social ou da transformación do contrato temporal en indefinido. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

As actuacións subvencionables ao abeiro do programa para a promoción do emprego autónomo regulado nesta orde, realizadas entre o 1 de outubro de 2011 e a data da súa publicación (20 xaneiro de 2012), poderán acollerse ás axudas desta orde, aínda que xa pasase o prazo establecido desde a alta na Seguridade Social ou mutualidade. O prazo para presentar estas solicitudes remata o 30 de marzo de 2012.

## 11. INCOMPATIBILIDADES

- En **ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, poderá ser de tal contía que**, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, **supere o custo total da actividade subvencionable-**

- Estas **axudas son incompatibles** coas establecidas nos programas de fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral de persoas con discapacidade.

- **Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axudas previstos neste programa**, agás no suposto de subvencións para o establecemento como traballador autónomo, en que só se terán en conta para a comprobación do requisito exixido no artigo 4º.

- A **subvención pola primeira contratación indefinida será incompatible** coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo e Benestar ou con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. A dita **axuda é compatible**, se é o caso, coas bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social. O importe da subvención pola contratación indefinida non poderá, en concorrencia con outras axudas públicas para mesma finalidade, superar o **60% do custo salarial de dúas anualidades** correspondentes ao contrato

que se lle subvenciona.

## 12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2011 (D.O.G DO 20 DE XANEIRO DE 2012).

## 13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

**Xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar**, no respectivo ámbito provincial onde a persoa ou entidade solicitante desenvolva a súa actividade (segundo alta no IAE ou censo obrigados tributarios). Cando a actividade se desenvolva en máis dunha provincia desta Comunidade Autónoma, será competente a xefatura territorial da provincia en que a persoa solicitante se dea de alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional. No suposto de subvención pola contratación indefinida da primeira persoa traballadora, a competencia será da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia na que radique o centro de traballo en que preste servizos a persoa contratada.

#### 14. OBSERVACIÓNS

\* **INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE:** aquel definido como tal no R.D 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, e no R.D 1515/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes.

Aos efectos de acreditar o requisito de investimento mínimo en inmovilizado material ou intanxible e/ou o destino do préstamo, **non se terán en conta os investimentos realizados no domicilio particular da persoa solicitante ou dalgunha das persoas comuneiras ou socias da comunidade de bens ou sociedade civil**, agás aquelas debidamente acreditadas que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os investimentos correspondentes a compravendas entre as persoas comuneiras ou socios.

No suposto de **elementos de transporte soamente se computarán os vehículos comerciais ou industriais que se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os vehículos automóbiles de turismo que sexan empregados nos desprazamentos profesionais polos representantes ou axentes comerciais, polos autónomos/as que se dediquen á venda ambulante ou á venda a domicilio, os empregados na prestación de servizos de transporte de viaxeiros, de ensinanza de condutores, e os empregados en servizos de vixiancia, ao 100% do seu prezo de adquisición, excluído o ive. En ningún caso se terán en conta os contratos de arrendamento financeiro nin outras figuras xurídicas afíns que non concedan á persoa solicitante o pleno dominio ou titularidade inicial do investimento.**

\* **CONCELLO RURAL:** aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes

Por outra banda, para XUSTIFICAR O PAGAMENTO DOS GASTOS esíxese a presentación de **transferencia bancaria, certificación bancaria u extracto bancario de pagamento.- Non se admiten pagamentos en efectivo.**

-As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da consellería de traballo e benestar: <http://traballo.xunta.es>